



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e varias entidades colaboradoras, para a implantación da modalidade de formación profesional dual na formación profesional básica no IES de Sabón.

Memoria xustificativa

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **declara:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou con varias empresas, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue os cursos escolares 2016-2017 e 2017-2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as entidades colaboradoras asinantes do convenio para a implantación da formación profesional dual na formación profesional básica no IES de Sabón. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das entidades colaboradoras, e no centro educativo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

As entidades colaboradoras "FERROATLANTICA, SAU, "ALCELEC, SC", "ELECTRICIDAD ALEMI", "REEL", "ELECTRICIDAD INSCABE SL", "M. CASAL GONZÁLEZ ELECTRICIDAD, SL", "RINSTELEC INSTALACIONES ELECTRICAS,





SL”, “ELINTELUZ”, “PROSEGUR COMPAÑÍA DE SEGURIDAD, SA”, “MOBAL ATLANTIC, SLU”, “MODA INFANTIL REBULIR”, “MERCARTABRIA SL”, “SISTEMAS ELECTROACÚSTICOS ARTEIXO, SL”, “COMERCIAL BALBOA ÁLVAREZ, SL”, “PROGANDO, SL” e “ESPIÑEIRA MENAXE, SL” están dispostas a participar na implantación da formación profesional dual na formación profesional básica no IES de Sabón, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012 -formación coa participación da empresa-, na que esta lles facilita aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual. En calquera caso, segundo o artigo 33 do Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, as entidades colaboradoras participantes poderán achegar bolsas ao alumnado matriculado nos ciclos formativos.

Este proxecto de formación profesional dual, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

- a. Toma como referencia os currículos de Servizos Comerciais e de Electricidade e Electrónica implantados na comunidade autónoma de Galicia polo Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanza de formación profesional dos sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- b. Terá como duración os cursos escolares 2016-2017 e 2017-2018, segundo a distribución de días lectivos incluídos no calendario escolar aprobado para cada curso.
- c. A distribución dos módulos por curso será a establecida no antedito Decreto 107/2014, do 4 de setembro.
- d. No horario semanal da actividade formativa, dous días estarán reservados para que o alumnado acuda ao IES de Sabón e tres días ás entidades colaboradoras.





- e. A permanencia do alumnado nas entidades colaboradoras deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral desta, sen superar as oito horas diarias e as corenta semanais.
- f. A titoría e a docencia dos módulos de Comunicación e sociedade I e II, e de Ciencias aplicadas I e II terán lugar no IES de Sabón.
- g. O resto dos módulos profesionais impartiranse de xeito compartido entre o centro educativo e as entidades colaboradoras asinantes, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos nos currículos dos ciclos formativos.
- h. Ademais, atendendo ás características da empresa, incorpórase, de ser o caso, formación complementaria á establecida no currículo do ciclo formativo correspondente, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

